



Paraiso
entre ríos

PADERNE DECEMBRO 2016

INFORMACIÓN MUNICIPAL



Estamos xa en tempo de Nadal, son momentos de celebración, de reunións coa familia e bos desexos para os nosos amigos e veciños.

Momentos para pensar con morriña naquelas persoas que nos deixaron e que tanto botamos de menos; naqueles que foron parte importante das nosas vidas deixando unha pegada moi profunda nos nosos corazóns.

Tempo para solidarizarnos con tódolos que sofren porque están pasando por momentos difíciles e ós que desde aquí queremos transmitirles o noso apoio e cariño.

Lembramos tamén a todos aqueles que, por motivos de traballo, están lonxe das súas casas pero non do noso pensamento e para os que, nas mesas da súa familia, haberá de seguro un agarimoso brindis.



Bo Nadal

Este é un tempo de despertar en nós os mellores sentimentos, de valorar o que temos, de agradecer, de buscar o mellor de nós e de botar unha man ás persoas que o necesitan e temos ó noso arredor.

O Nadal é un tempo de paz, un tempo que debe axudarnos a ser mellores como persoas, un tempo de reflexión no que o mellor regalo debe ser o sentimento máis nobre; a tarxeta de felicitación, o amor adornado cun cálido abrazo, envolto nun sorriso que nos de forzas e esperanza para seguir construíndo entre todos un mundo mellor.

Por iso desde aquí, tanto eu como toda a Corporación, desexamos que sexan días de felicidade e paz e que o novo ano veña cargado de traballo e saúde para todos.

Guía de Viños

Centrada na variedade “Branco Lexítimo”, realizouse o día 10 de outubro no Concello, unha cata de calificación de viños das II.GG.PP. (Indicacións Xeográficas Protexidas) Betanzos e Barbanza-Iria, así como dos viños da comarca de Negueira de Muñiz.

Estivo dirixida por Luís Paadín, un dos profesionais españois máis prestixiosos do sector e director da Guía de Viños, Destilados e Adegas de Galicia 2017.

Celebrada co obxectivo da clasificación e puntuación dos viños presentados para dita Guía de Viños na que aparecen a totalidade das adegas galegas, amparadas por denominación de orixe, e na que se referencian a máis de 1.500 viños e destilados e máis de 500 fichas de cata.

Figurando entre as 5 mellores guías do mundo contou, para a ocasión, con un excepcional panel de catadores e sumilleres da comarca que foron puntuando cada un dos caldos presentados.



Os sumilleres e catadores que participaron na valoración dos viños presentados, xunto co director da Guía e o Alcalde

Presentación do GALP en Paderne



O Alcalde, acompañado polo Patroa Maior e a Xerente do Galp, expoñendo as liñas de axudas

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte (GALP) é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar para a xestión das axudas do Fondo Marítimo e da Pesca 2014-2020 no ámbito territorial que abarca dende Narón ata Paderne.

O día 13 de outubro o Alcalde e Vicepresidente do GALP, xunto coa Patroa Maior da Confradía de Miño, informaron ós autónomos, empresarios e representantes das asociacións de veciños, das axudas que a través do mesmo se poden solicitar, requisitos, tipoloxía de proxectos, documentación e prazos de presentación.

Xornada contra a Violencia de Xénero

Outro ano máis, o Concello realizou un acto para dar testemuña da súa repulsa contra o maltrato e de apoio ás vítimas. Foi o pasado 25 de novembro no local social da AA.V. de Viñas.

O Alcalde inaugurou este acto cunhas palabras sobre este gran problema social e o Concelleiro de Benestar Social deu lectura ó Manifesto do Concello de Paderne contra a Violencia de Xénero. Seguidamente a coral polifónica El Eco ofreceu un recital poético.

O Alcalde e o Concelleiro de Benestar Social dirixindo unhas palabras ós asistentes coa coral ó fondo.



Plan de Medio Ambiente

Con data de 18 de novembro, e por un período de tres meses, iníciase a contratación do Plan de Medio Ambiente que permite a realización de actividades e investimentos cara á mellora do noso entorno.

Este Plan, da Deputación da Coruña, concede ó Concello de Paderne un total de **43.984,62 €** para o proxecto presentado de "**Mantenemento e reparación das depuradoras de Donín, na parroquia de Vigo, da depuradora de Obre e da depuradora de Paderne**" correspondéndolle un importe de **32.000 €**.

Outra das importantes actuacións incluídas neste Plan é a "**Contratación da cuadrilla de peóns**" por un importe de **11.984,62 €** que, ademáis de dar emprego a persoas do Concello, contribuirá á conservación e mantemento dos espazos verdes municipais.

Fomento do Emprego no Medio Rural (APROL RURAL)

O Concello ven de recibir, da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, un total de **12.000 €** para a contratación de **2 peóns** por un período de **6 meses**.

Estas axudas, teñen como obxecto o fomento do emprego no medio rural a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, ó efecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Aula da Ría

Vense de recibir unha axuda de **4.320 €** para a contratación de persoal técnico para a Aula da Ría a través do "Programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico" da Deputación da Coruña.

Isto permitirá seguir dinamizando e poñendo en valor este importante espazo de divulgación do noso entorno natural, seguir programando actividades para grandes e pequenos en contacto coa natureza e o mantemento do blog: auladaria.blogspot.com.es

Solicitud a Consellería de Política Social

Para o proxecto de "**Arranxo e formación de eliminación de barreiras arquitectónicas**" en base á Orde do 21 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, o Concello de Paderne ven de solicitar unha axuda de **4.997,95 €**.

As obras teñen por obxecto restaurar os desperfectos que o paso do tempo foi causando nas aceras das parroquias de Obre, Paderne e Adragonte ademais da formación de rebaixes que permitan un mellor acceso e tránsito polas mesmas a tódolos veciños.

Plan Hurbe

En relación coa Resolución de 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo á financiación extraordinaria para o Plan Hurbe 2016, o Concello de Paderne ven de presentar o proxecto de "Mellora e humanización do lugar de Chantada".

Dito proxecto trata de poñer en valor e aumentar a calidade de vida desta aldea mariñeira pola que transcorre o Camiño Inglés. Contando xa con diversas infraestruturas e equipamentos, o obxectivo é mellorar o benestar dos seus habitantes e facer da aldea un modelo coas condicións propicias para un desenvolvemento sostible potenciando as súas infraestruturas.

Instalación de Parques Biosaudables

Por un total de **47.167,39 €**, veñen de realizarse as obras de "Mellora da praza pública de Chantada e acondicionamento e formación de parques biosaudables en Chantada, Viñas e Velouzás" incluídas no PAS 2015 da Deputación da Coruña.

Con estas obras vanse completando de parques biosaudables as distintas parroquias proporcionando así zonas de exercicio preto das súas casas a tódalas persoas do Concello.



Instalación de parque biosaudable en Chantada, Souto

Incubadora de Empresas

En base á Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ó abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas ós grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020 da Conselleira do Mar, o Concello ven de recibir a seguinte axuda:

- **4.950 €**, para a anualidade 2016
- **36.300 €**, para a anualidade 2017

Para o proxecto "**Estudo de sustentabilidade para espazo de incubación emprendedora**".

O obxecto de proxecto é a realización dun estudo de viabilidade técnica e económica para a posta en valor dun edificio de titularidade municipal; concretamente unha vivenda en Souto, que na actualidade está en ruínas, como Espazo de Incubación para o emprendemento e o fomento da actividade empresarial vinculada ó sector do mar, realizando o correspondente análise técnico e económico que permita analizar e valorar as distintas alternativas de uso e explotación do local, así como a elaboración dun proxecto técnico.



O Alcalde, no edificio de Souto obxecto deste proxecto.

Primeiro Pago das Actividades de Adultos

Están suxeitas a pago as seguintes actividades:

INFORMÁTICA – CESTERÍA – MANUALIDADES E PINTURA – BAILES DE SALÓN – PILATES – COCIÑA – CORTE E CONFECCIÓN – BARRO E CERÁMICA – LABORES – COIRO

A actividade de XIMNASIA DE MANTEMENTO é gratuíta.

| Custo para as actividades dunha hora á semana | | | Custo para as actividades de hora e media á semana | | | Custo para as actividades de dúas horas á semana | | |
|---|---------|-------------|--|---------|-------------|--|---------|-------------|
| Nº actividades | 1ª Cota | Total curso | Nº actividades | 1ª Cota | Total curso | Nº actividades | 1ª Cota | Total curso |
| 1 actividade | 27 € | 54 € | 1 actividade | 30 € | 60 € | 1 actividade | 32 € | 64 € |
| 2 actividades | 49 € | 98 € | 2 actividades | 55 € | 110 € | 2 actividades | 59 € | 118 € |

Programación de Nadal

Festa de Nadal.- O Concello organiza unha festa de Nadal para os pequeniños das escolas de Educación Infantil o día **21 de decembro**. Ás 11:00 horas unha divertida representación para os pequeniños, dará paso á visita de Papá Noel que se achegará a recoller as súas cartas ata Paderne.

Concerto de Nadal.- Será o día **19 de decembro** ás 20:00 horas no Salón de Sesiões da Casa do Concello. O músico Federico Álvarez será o encargado de dirixir este clásico das datas do Nadal.

Concerto de Fin de Ano.- Este concerto será o día **26 de decembro** ás 20:00 horas no Salón de Sesiões da Casa do Concello. Neste caso será Mijail Moriatov quen, coa súa música despida a programación cultural do ano en Paderne.

Cabalgata de Reis 2017

O día **4 de xaneiro** ás 14:30 h. está prevista unha recepción na Casa do Concello con motivo da visita das Súas Maxestades. Despois de ser recibidos polo Alcalde pasarán, xunto coa Comitiva Real, a facer o percorrido por tódalas parroquias de Paderne antes da chegada ó polideportivo municipal ás 18:45 h.

O Alcalde, xunto co Equipo de Goberno, desprazaranse ata alí para recibilos e participar, xunto con todos aqueles que este día acudan, da ilusión e a maxia desta tradición.

Ademais de poder saudar ós Reis e darlles as cartas, está programado un espectáculo de maxia como remate deste día de festa.

Este día haberá agasallos para os participantes no "**Concurso de debuxo**" no que poden participar tódolos rapaces e rapazas de entre 3 e 12 anos. Todos deben estar empadroados no Concello de Paderne.

Os traballos poderanse entregar ata o día **19 de decembro**.

ITV de Vehículos Agrícolas

Do 28 ó 30 de decembro realizarase a inspección técnica de vehículos agrícolas no campo de O Telleiro, en Paderne.

Os interesados poderán pedir cita anticipada para poder pasar a revisión dos seus vehículos chamando ó teléfono 902 30 90 00 ou na páxina web: www.sycitv.com – Cita previa.

As horas que vai a estar este servizo en Paderne son de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 h. De luns a venres, agás o día 30 que será só de mañá.

Excursión a San Sebastián e a Francia

Será os días **27, 28, 29, 30 e 31 de marzo** de 2017 con hotel de tres estrelas en **Zarautz**, preto do restaurante de Karlos Arguiñano.

No programa está incluída a visita ós seguintes puntos de interese:

- Coñecer **San Sebastián** con un guía oficial
- Visita a unha **bodega**
- Visita á localidade de **Gueteria**
- Visita á famosa localidade turística de **Biarritz en Francia**
- Visita á localidade de **San Juan de Luz en Francia**
- Ó regrese comida en **Castro Urdiales**

Guía acompañante durante toda a viaxe. O custe da viaxe é de **355 €**; a persoa que queira durmir en habitación individual ten un incremento de **20 €/noite**.

Os interesados teñen ata o **25 de xaneiro** para facer a reserva de praza. Os pagos realizaranse o mesmo mes da excursión e sempre despois de confirmar a praza.